COLEGIO FINGOY
LUGO

CONSEJERO - DELEGADO

TELEFONO 1630

14, ~~outubro~~ nobro, 1958

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo

Trasalba

Meu grande e querido Otero:

A súa carta do 11, que veño de recibir, déixame dunha peza. Con data 6 deste mesmo mes escribíume dende Ourense Xesús Couselo diciéndome que vostedes acordaran propor na vacante de Cuevillas a Cunqueiro, i encarregándome que escribira a éste participándolle esta nova "porque ten a teimosía de alguén da Coruña q iso levar a forza de todo nas cousas de Academia". Xesús engadía: "Convirá que cada un de nós vaia preparando o terreo". Escribinlle a uns e outros e falo cos de Lugo. Otero, conformes de toda conformidade e os de eiquí iremos como un solo home". Como ve, despois disto non podía dubidar que vostede decidírase por Cunqueiro, e como na carta que lle escribín en resposta á súa pedíndome consello, me comprometera a apoiar ao que vostede de-

xira, dixo a Amgueiro por candidato noso, e comecei a publicalo, se ben as miñas pesadas angueiras e o meu isolamento non me permitiran ainda, fisicamente, nen escribir a Amgueiro nen falar aos rapaciños de Lugo. Isto é o que hai. Pola miña parte, de acordo co falado, estou con vostede, tomo nota da súa decisión e a secundo. Por eso me tomo fur mucho terrible posición frente a Amgueiro, pois se non chega hoxe a súa carta poñeríalle escrito d'un momento a outro, creendo mesmo executar unha comisión do grupo de amigos que vostede dirixe.

Se mañán teño un respiro escribirélle a Lugo, e xa me dirán vostede se houbo malentendido ou trasacordo. Se Hedirán vostede se, houbo malentendido ou trasacordo. Se vostede escribiu a outros amigos nos mesmos termos que a min, e istes foron máis diligentes nos seus movimentos, non deixará de se producir agora unha certa confusión.

Xa lle escribirei máis longo na primeira ocasión.

Seu devoto
Carballo